



25N 2022, Día Internacional para a ELIMINACIÓN da VIOLENCIA contra as MULLERES

As mulleres temos unha esperanza de vida maior que os homes, pero temos peor calidade de vida e máis risco de pobreza, violencia, discriminación e soidade cando somos maiores, especialmente as pensionistas con pensións baixas ou non contributivas.

As **mulleres maiores** de 65 anos que sofren **violencia de xénero** son especialmente **invisibles**. Supoñen entre o 10 e o 15% das mulleres asasinadas, pero iso é só a punta do iceberg. Son moitas as que soportan agresións da súa parella ou exparella, sen distinción de nivel social ou económico.

Somos mulleres que socializamos nun **sistema patriarcal** onde moitas asumiron un rol de xénero que favorece a normalización da **violencia cotiá e a longa duración** desta. Estas mulleres sofren unha dobre discriminación: por idade e por xénero. Isto dificulta o auto recoñecemento como vítimas, condiciona a resposta da contorna familiar e provoca que podamos sufrir diversos tipos de violencia: física, psicolóxica, sexual e económica.

Algúns **acontecementos vitais**, como o matrimonio, o embarazo, a maternidade, a separación, a xubilación, o papel como coidadora do maltratador... potencian, aceleran e agravan a escalada da violencia. E unha vez afrontada a situación, o **risco** de que o maltratador cometa unha nova agresión é moi alto.

O **impacto na saúde** da violencia sostida, unida á idade, é elevado. O **control económico** do maltratador provoca risco de pobreza e exclusión. O illamento ao que foron sometidas as vítimas acrecenta o medo e a **soidade non desexada**.

A situación vital das mulleres maiores require unha **resposta axustada** ás súas necesidades, que empeze con accións de **difusión, prevención e sensibilización**.

A Secretaría de Mulleres e Igualdade da Federación de Pensionistas de CC OO anima a todas as compañeiras e compañeiros a **participar activamente**, en cada pobo ou cidade, xunto có movemento feminista, en todo tipo de actos programados ou apoiados polas Unións, as Federacións e o Sindicato Nacional de CC OO de Galicia.

Fronte ás violencias contra as mulleres, NIN UN PASO ATRÁS.

Secretaría de Mulleres e Igualdade
Federación de Pensionistas de CC OO